



**PREGO DE CONDICIÓN DO OUTORGAMENTO DUNHA AUTORIZACIÓN PARA  
A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE DE  
CARS A PEDAIS.**

CAP. I. ELEMENTOS DA AUTORIZACIÓN.....	2
1. Obxecto.....	2
2. Natureza xurídica da autorización.....	2
CAP. II. CONDICIÓN PARA SER BENEFICIARIO DA AUTORIZACIÓN.....	2
3. Capacidade, solvencia e requisitos para ser titular das autorización.....	2
CAP. III. OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN.....	3
4. Obtención de información.....	3
5. Criterios de selección.....	4
6. Ofertas con valores anormais ou temerarios.....	6
7. Procedemento de outorgamento.....	7
8. Garantía definitiva.....	14
9. Gastos a cargo do autorizado.....	14
CAP. IV. RÉXIME DA AUTORIZACIÓN.....	15
10. Duración da autorización.....	15
11. Transmisión da autorización.....	16
12. Gravame.....	16
13. Destino do terreo municipal obxecto da autorización.....	16
14. Potestades e facultades do Concello.....	16
15. Dereitos do autorizado.....	17
16. Obrigas do autorizado.....	17
17. Instalacións e obras.....	20
CAP. V. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.....	20
18. Extinción da autorización.....	20
19. Caducidade da autorización por cumprimento.....	20
20. Outras causas de extinción da autorización.....	21
21. Aplicación das causas de extinción por causa distinta de caducidade.....	21
22. Efectos da extinción da autorización.....	22
23. A extinción da autorización por infraccións.....	23
24. Procedemento para a extinción da autorización.....	23
25. Aplicación supletoria.....	23
CAP VI RÉXIME SANCIONADOR.....	23
26. Incumprimentos.....	23
26. Sancións.....	26
27. Imposición das sancións.....	27
CAP VII REVERSIÓN.....	27
28. Reversión.....	27
CAP VIII RÉXIME XURÍDICO.....	28
29. Lexislación aplicable.....	28
30. Xurisdición competente.-.....	28
DISPOSICIÓN ADICIONAL- Modificacións normativas.....	28



## **PREGO DE CONDICIÓN DO OUTORGAMENTO DUNHA AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE DE CARS A PEDAIS.**

### **CAP. I. ELEMENTOS DA AUTORIZACIÓN.**

#### **1. Obxecto.**

É obxecto do presente prego de condicións regular o procedemento, adxudicación e o contido dunha autorización para a ocupación de dominio público municipal mediante a instalación de dúas casetas para realizar a actividade de cars a pedais no lugar da Xunqueira en Pontevedra, concretado no prego de condicións técnicas redactadas polo arquitecto técnico municipal.

Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, xunto co prego de condicións técnicas para a instalación de casetas con destino á actividade de cars a pedais redactas polo arquitecto técnico municipal formarán parte do contido da autorización que no seu día se outorgue.

#### **2. Natureza xurídica da autorización.**

A ocupación en concreto do terreo municipal para instalar dúas casetas para realizar a actividade de cars a pedais, conceptúase como unha utilización especial dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante, dado que as casetas son non fixas. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha autorización administrativa demanial.

A autorización administrativa demanial de terreo municipal para realizar a actividade indicada, encandrase legalmente no artigo 92 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas (en adiante LPAP), así como o artigo 77 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.

Esta autorización ten natureza administrativa.

Esta autorización administrativa demanial outorgaranse en todo caso salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

En todo caso, o espazo ocupado polas casetas seguiran sendo de titularidade e propiedade do Concello de Pontevedra.

### **CAP. II. CONDICIÓN PARA SER BENEFICIARIO DA AUTORIZACIÓN**

#### **3. Capacidade, solvencia e requisitos para ser titular das autorización.**

Están capacitados para presentar solicitudes de autorización neste procedemento de outorgamento de autorización as persoas físicas ou xurídicas cando teñan plena capacidade de obrar e non estén afectos por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP) como prohibitivas para



contratar e acrediten a súa solvencia económica e técnica e cumbran os requisitos que se establecen neste prego.

Dádalas características da autorización, que conlevan a prestación dun servizo aos cidadáns estableceense criterios de solvencia técnica e económica.

A solvencia económica que se esixe para poder participar neste procedemento é a seguinte e poderá acreditarse por un dos seguintes medios:

1- Informe de institucións financeiras.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando do informe da institución financeira poidase deducir que o licitador mostra unha situación económica solvente para que poida ser beneficiario desta autorización. Deberá mencionarse expresamente nese informe este contrato.

2- Tratándose de persoas xurídicas, ademáis do medio anterior poderán acreditala mediante a presentación das contas anuais ou extracto das mesmas.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando os fondos propios desembolsados da empresa representen ao menos o equivalente o importe da garantía definitiva.

A solvencia técnica que se esixe para poder participar neste procedemento é a seguinte:

Unha relación dos actividades de cars pedais prestados nos últimos cinco anos. Iso acreditarase mediante calquera documento que acredite e demostre que realizou dita actividade.

Criterio de selección: Como mínimo deberá ter realizado nos cinco últimos anos:

- Haber realizado a actividade de cars pedais durante un período de 30 días.

Deberanse cumprir os demais requisitos e condicións fixados no presente prego para poder ser titular da autorización.

O Concello de Pontevedra verificará si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidos. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento. O Concello de Pontevedra poderá recabar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento.

### CAP. III. OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN.

#### **4. Obtención de información.**



Os presentes pregos xunto cos pregos de condicións técnicas serán publicados na páxina web do Concello de Pontevedra ([www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)). Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

Para a obtención de información que puidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

So será obrigatoria a remisión daqueles documentos que non se encontren publicados na web municipal.

So será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.

A petición deberá presentarse cunha antelación mínima de 4 días hábiles á finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarase nos 2 días hábiles seguintes.

A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal. A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

A consulta do expediente poderá efectuarse no Servizo de Patrimonio do Concello (Rúa D. Filberto, S/n 3 andar, 36071. Teléfono 986 868611, fax 986 841386).

## **5. Criterios de selección.**

Establécense os seguintes criterios de selección:

**Xustificación:** Pretendese aproveitar a actividade de cars pedais que tan vinculada esta a mobilidade sen contaminación, de tal forma que os criterios de adjudicación se establecen vinculados o maior uso destes por parte do Concello para fins públicos.

### **1.- MAIOR NÚMERO DE CIRCUITOS PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DA BICICLETA: De 0 a 35 puntos.**

Unha vez ao ano celebrarase o día da bicicleta. Como mínimo todos os licitadores deberán ofertar un circuito para a celebración do día da bicicleta, destinando como mínimo 5 unidades de cars pedais e 8 prazas en total como mínimo. Todas as propostas que oferten este mínimo outorgarase cero puntos en cada un dos apartados que oferten o mínimo. O que se valora neste criterio é a achega do autorizado, a custa del e sen custe para o Concello ou usuarios, do maior número de circuitos nese día, valorándose os seguintes aspectos:

- a. Maior número de circuitos: De 0 a 12 puntos. O que oferte o maior número de circuitos outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- b. Maior número de unidades que se destinaran a actividade de cars pedais: De 0 a 12 puntos. A estes efectos sumarase a totalidade das unidades de cars



- pedais ofertados. O que oferte o maior número de unidades de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- c. Maior número de prazas das unidades de cars pedais que se destinaran a esta actividade: De 0 a 7 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade das prazas das unidades de cars pedais ofertados. O que oferte o maior número de prazas de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
  - d. Maior superficie dos circuitos: De 0 a 4 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade da superficie dos circuitos ofertados. O que oferte a maior superficie outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.

## **2.- MAIOR NÚMERO DE ALUMNOS DE CENTROS ESCOLARES QUE PODERÁN EMPREGAR ACTIVIDADES DE CARS PEDAIS: De 0 a 35 puntos.**

Neste apartado valorarase o maior número de alumnos de centros escolares que poderán empregar actividades de cars pedais a custa do ofertante e sen custe para o Concello ou usuarios. Como mínimo todos os ofertantes deberán ofertar como mínimo 4 horas en totais para 25 alumnos debendo destinar como mínimo 7 unidades de cars pedais e 10 prazas. Todas as ofertas que conteñan só este mínimo outorgarase cero puntos en cada un dos apartados que oferten o mínimo. A estes efectos, valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Maior número de horas dispoñibles: De 0 a 12 puntos. O que oferte maior número de horas que poidan gozar os alumnos de centros escolares en total outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- b. Maior número de alumnos que se poidan beneficiar da actividade: De 0 a 12 puntos. O que oferte maior número de alumnos de centros escolares en total outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- c. Maior número de unidades que se destinaran a actividade de cars pedais: De 0 a 6 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade das unidades de cars pedais ofertados. O que oferte o maior número de unidades de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- d. Maior número de prazas das unidades de cars pedais que se destinaran a esta actividade: De 0 a 5 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade das prazas das unidades de cars pedais ofertados. O que oferte o maior número de unidades de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.

## **3.- MAIOR NÚMERO DE CIRCUITOS DE EDUCACIÓN VIAL POR CENTROS ESCOLARES: De De 0 a 35 puntos.**

Neste apartado valorarase o maior número de circuitos de educación vial que se destinen en centros escolares a custa do ofertante e sen custe para o Concello ou



usuarios. Como mínimo todos os ofertantes deberán instalar e realizar un circuito de educación vial nun centro escolar durante unha tarde o mes. A estes efectos, valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Maior número de centros escolares beneficiarios ao mes: De 0 a 12 puntos. O que oferte o maior número de centros escolares ao mes outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- b. Maior número de días ao mes. De 0 a 12 puntos. O que oferte o maior número de días ao mes de instalación de circuitos de educación vial por centros escolares outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- c. Maior número de unidades que se destinaran a actividade de cars pedais por mes: De 0 a 6 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade das unidades de cars pedais ofertados por mes. O que oferte o maior número de unidades de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.
- d. Maior número de prazas das unidades de cars pedais que se destinaran a esta actividade por mes: De 0 a 5 puntos. A estes efectos sumaranse a totalidade das prazas das unidades de cars pedais ofertados por mes. O que oferte o maior número de unidades de cars pedais outorgarase a maior puntuación e o resto de forma proporcional mediante regra matemática de tres.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis solicitantes empaten na maior puntuación, terá preferencia no outorgamento da autorización aqueles que teñan maior puntuación no apartado 1 deste artigo (**MAIOR NÚMERO DE CIRCUITOS PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DA BICICLETA**) ; en caso de persistir o empate neste apartado, a preferencia será para os que teñan maior puntuación no apartado 2 (**MAIOR NÚMERO DE ALUMNOS DE CENTROS ESCOLARES QUE PODERÁN EMPREGAR ACTIVIDADES DE CARS PEDAIS**), e de persistir resolverase por sorteo.

## **6. Ofertas con valores anormais ou temerarios.**

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes que, sobre este extremo, poidan emitir os técnicos do Concello de Pontevedra.

En todo caso, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de tres días hábiles, xustificación que haberá de referirse nos termos sinalados polo artigo 152.3 da TRLCSP e sobre a que, necesariamente, se pronunciarán os informes técnicos.

Para a valoración das explicacións, o Concello de Pontevedra porá en contraste os diferentes aspectos da oferta presentada.

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal da oferta atenderase á viabilidade económica de desenvolver a actividade de cars pedais coa oferta que se



formula, acudindo para isto aos cálculos de custes de persoal, materiais e outros tradicionais no mercado. Declararase que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, cando o custe das melloras sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución do contrato. A estes efectos poderá considerarse a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

A concelleira de protección cidadá, servizos e festas, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo a súa declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, a esta concelleira.

As ofertas así declaradas serán excluídas do procedemento de outorgamento da autorización.

## **7. Procedemento de outorgamento.**

O procedemento de outorgamento da autorización será en réxime de concorrencia de conformidade co artigo 92 da LPAP, dado que o espazo esta limitado e so se vai outorgar, en principio, unha autorización.

O procedemento de adxudicación deberá axustarse aos seguintes trámites:

### **Presentación de solicitudes de outorgamento da autorización: lugar, prazo de presentación, formalidades e documentación.**

**Lugar e prazo.-** As solicitudes para tomar parte neste procedemento presentaranse no rexistro xeral do Concello desde as 8,30 ás 13,30 horas, e se é sábado de 9,00 horas a 13,00 horas, durante os 30 días hábiles seguintes ao da publicación do último anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Se o último día do prazo para presentar solicitudes fora inhábil, entón enténdese prorrogado o prazo ata o primeiros día hábil. Estes pregos e os de condicións técnicas estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello.

Tamén poderán presentarse solicitudes por correo, se ben neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Concello, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso en que se recibira no Rexistro Xeral municipal fora do prazo fixado.

En todo caso, transcorridos 10 días naturais desde a terminación do prazo de presentación non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

Igual advertencia será de aplicación para os casos nos que se faga uso da posibilidade prevista polo art. 38.4 da Lei 30/1992, debendo anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas salvidades expostas.



Unha vez recibida a solicitude, non poderá ser retirada salvo causa debidamente xustificada.

**Formalidades e documentación.**-As solicitudes para participar neste procedemento de outorgamento de autorización deberanse presentar nun sobre pechado identificado no seu exterior con indicación expresa da licitación á que concorren, debidamente asinados polo licitador ou seu representante, con indicación do nome, apelidos e razón social, nº de teléfono e fax, así como correo electrónico, no seu caso. Nese sobre deberase incluírse a seguinte documentación:

a) A solicitude para que se outorgue a autorización:

"D....., con DNI nº....., en nome propio (ou en representación de...) conforme acredito con poder compulsado, informado do procedemento de outorgamento dunha autorización para a ocupación de dominio público para a realización de actividades de cars pedais, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día....., e tendo coñecemento dos pregos de condicións que rexen esta autorización, manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para se outorgue a autorización, acepto plenamente e de maneira incondicionada os pregos de condicións e cantas obrigas derivan del e formulo a seguinte oferta para que se outorgue a autorización:

- Circuitos para a celebración do día da bicicleta (deberá describirse a oferta que se realiza co maior grao de detalle posible).
- Alumnos de centros escolares que poderán empregar as instalacións de cars pedais (deberá describirse a oferta que se realiza co maior grao de detalle posible).
- Circuitos por centros escolares de educación vial ((deberá describirse a oferta que se realiza co maior grao de detalle posible).

Lugar, data e sinatura. "

b) Documento acreditativo da personalidade xurídica do ofertante:

Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Persoas xurídicas: escritura de constitución ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadirase, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores. Así mesmo unirase fotocopia do DNI do representante.

c) No caso de persoas xurídicas, fotocopia do NIF

Fotocopia da tarxeta do número de identificación fiscal (NIF), debidamente compulsada.

d) Poderes.





Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

e) Bastanteo de poderes.

Os poderes a que se refire o apartado anterior do presente artigo deberaos bastantear previamente pola Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario habilitado.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas, ou avogado en exercicio debidamente colexiado, debendo neste último caso xustificar a súa colexiación.

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do Art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terlle sido revogado con fecha posterior

f) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades.

Declaración responsable do ofertante de que non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

"D./Da.....con DNI.....e domicilio na provincia de....rúa nº ..... en nome e representación (propia ou da entidade á que representa) no procedemento de outorgamento dunha autorización: -  
Título:....."

Declara que nin a entidade nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 60 do TRLCSP. Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)."

g) Solvencia económica



Deberá achegar a documentación acreditativa da solvencia económica conforme estes pregos.

h) Solvencia técnica

Deberá achegar a documentación acreditativa da solvencia técnica conforme estes pregos.

i) Descripción do persoal que se vai destinar a prestar o servizo.

Deberá acompañarse unha relación do persoal que se vai destinar a exercer a actividade para o que presta o servizo con indicación do número, categoría profesional, horario e xornada de traballo.

Toda a documentación a achegar debe ser orixinal ou fotocopia compulsada, debendo presentarse en castelán ou galego.

**a) Apertura e cualificación da documentación e proposta de adxudicación.**

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de autorización, procederase a cualificación previa das solicitudes de autorización no que se refire aos requisitos de capacidade e solvencia dos ofertantes. As que estean correctas faranse constar nun documento asinado pola concelleira de protección cidadá, servizos e festas que poderá solicitar os informes que considere e incluso facelo a proposta da xefa do Servizo de Patrimonio.

De observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, ditarase resolución da concelleira de protección cidadá, servizos e festas e comunicarse verbalmente aos interesados concedéndolles un prazo de 5 días hábiles para a súa emenda ou achega.

Estes requirimentos efectuaranse verbalmente, ou mediante fax ou telematicamente de así estimarse, sen prexuízo do correspondente anuncio na páxina web do Concello de Pontevedra, momento desde o que contará o prazo de cumprimentación do requirimento.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, a concelleira de protección cidadá, servizos e festas procederá a declarar as solicitudes admitidas e as rexeitadas con expresión das causas de tal rexeitamento. En todo caso, non serán admitidas as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou de quenes non reúnan os requisitos, a capacidade para participar neste procedemento ou non respecten os condicionantes fixados neste prego.

Posteriormente, procederase a valorar as ofertas formuladas mediante informe técnico. No informe o técnico realizará unha valoración das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de adxudicación e propondrá a adxudicación ao ofertante que formule a



mellor oferta de acordo con estes criterios. Así mesmo, deberá pronunciarse sobre se algunha oferta presenta valores anormais ou desproporcionados.

En caso de apreciar que algunha oferta presenta valores anormais ou desproporcionados procederá de conformidade co previsto no artigo 6 deste prego.

A xefa do Servizo de Patrimonio formulará proposta de outorgamento de autorización de conformidade con este informe. A xefa do Servizo poderá separarse do criterio do técnico unicamente de maneira motivada.

Serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais dos pregos ou presenten valores anormais ou desproporcionadas e non poidan ser cumpridas logo da tramitación do procedemento previsto no artigo 6 deste prego.

Esta proposta non outorgará dereito ningún a favor do adxudicatario proposto.

A concelleira de protección cidadá, servizos e festas queda facultada para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes ou/e necesarios para o correcto outorgamento da autorización.

A concelleira de protección cidadá, servizos e festas aprobará esta proposta de outorgamento da autorización, determinando por orde decrecente a puntuación obtida por cada ofertante.

#### **b) Documentación a presentar pola persoa proposta para que se lle outorgue a autorización.**

A proposta de outorgamento da autorización aprobada pola concelleira de protección cidadá, servizos e festas publicarase na páxina web do Concello e comunicarse verbalmente ou mediante fax a persoa a cuxo favor pretenda outorgarse a autorización. Nesa proposta tamén se fará constar aos participantes excluídos cos motivos da exclusión así como os que reunindo todos os requisitos non se propón o outorgamento da autorización por non ser a mellor oferta; se ben neste último caso faranse constar por orde de acordo cos criterios de adxudicación.

O que resulte proposto para que se outorgue a autorización, deberá achegar, nun prazo non superior a 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da proposta de adxudicación na páxina web do Concello de Pontevedra, a seguinte documentación:

- **Documentación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.** Os solicitantes deberán achegar certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social acreditativa de que están ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, respectivamente. O Concello verificará de oficio que está ao corrente das obrigas co Concello de Pontevedra.



- **Constituír a garantía definitiva por importe de 1000 euros, por calquera dos medios a que se refire o artigo artigo 96 do TRLCSP.** De presentarse un aval como garantía definitiva deberá axustarse o modelo que figura como anexo I deste prego.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

Os que non acheguen adecuadamente a documentación precisada no prazo sinalado ou non cumpran cos requisitos fixados neste prego, en particular, non estean ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social ou non constituán a garantía definitiva, entenderase que retiran a súa solicitude, procedéndose nese caso pola concelleira de protección cidadá, servizos e festas a instar a mesma documentación aos solicitantes seguintes, pola orde en que estiveran clasificadas as súas solicitudes.

Unha vez transcorrido o prazo para presentar a documentación requirida a concelleira de protección cidadá, servizos e festas fará unha proposta de adxudicación que se axustará a inicial coas debidas modificacións derivadas dos incumprimentos sinalados nos parágrafos anteriores, o que determinará que non figuraran na proposta aqueles que non acheguen a documentación requirida debidamente ou non estean ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social ou non constituán a garantía definitiva.

### **c) Outorgamento da autorización**

No prazo de 5 días hábiles desde que se formule a proposta de adxudicación a que se fai referencia no último parágrafo do artigo anterior, a concelleira de protección cidadá, servizos e festas ditará resolución de outorgamento da autorización.

A resolución de outorgamento de autorización será motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase na páxina web do Concello de Pontevedra.

A resolución outorgando a autorización conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre os ofertantes e o beneficiario da autorización, sobre a inadmisión ou rexeitamento das solicitudes de outorgamento coa debida motivación.

A autorización recollerá as seguintes condicións:



1. O terreo municipal que é obxecto desta autorización destinarase unicamente a instalación de dúas casetas para actividade de cars pedais segundo os pregos de condicións que rexen esta autorización.
2. O réxime económico ao que se suxeita a autorización é a realización polo autorizado a súa custa de todas as prestacións mínimas que figuran no prego de condicións que rexen esta autorización, incluíndo as melloras ofertadas incluídas na súa oferta así como o pagamento das taxas, tributos e demais gastos que procedan conforme se dispón no prego de condicións que rexe esta autorización.
3. O autorizado prestou unha garantía de 6000 euros.
4. O autorizado asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben obxecto de autorización segundo a súa natureza e entregar, á extinción da autorización, o terreo municipal ocupado en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta autorización.
5. O autorizado asumirá o compromiso da previa obtención, a súa costa, de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.
6. O autorizado acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de intereses público nos supostos previstos no artigo 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas
7. A responsabilidade derivada da ocupación do terreo municipal será asumida integramente polo autorizado.
8. O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar o terreo municipal obxecto de autorización para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.
9. A autorización que se outorgue ao amparo deste prego terá unha duración de 1 ano a contar desde a data da resolución de outorgamento da autorización demanial conforme se dispón a continuación:

O período de duración dentro de cada ano natural será desde o 1 de abril ata o día 30 de outubro de cada ano cos seguintes horarios:

- De luns a xoves que non sexan festivos: desde ás 16,00 horas ata as 21,00 horas.
- Venres, sábados, domingos e festivos: desde ás 11,30 ata as 21,00 horas.

Éste período dun ano, na forma e no horario establecido anteriormente, será prorrogable por períodos de 1 ano ata un máximo de 3. En total, sumando o ano inicial e as prórrogas non pode superar 4 anos.

A prórroga pode producirse unicamente a instancia do autorizado e axustarase as seguintes regras:

- a) O autorizado debe solicitalo dous meses antes de que transcorra o prazo de finalización da autorización ou das eventuais prórrogas e debe ser aceptado de modo expreso polo Concello. Se a prórroga se solicita polo autorizado e non se contesta polo Concello antes de que venza o prazo de duración ou



da prórroga, entón procede a extinguirse automaticamente a autorización polo vencemento do prazo e enténdese non prorrogada.

- b) A autorización de prórrogas polo Concello será discrecional e examinará no seu momento a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto do terreo municipal obxecto da autorización, o grao de cumprimento das súas obrigas polo autorizado, etc.

O establecemento dun prazo de duración da autorización ou as prórrogas enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de extinguir a autorización, de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á estas

10. Calquera cesión ou subrogación que se realice ou negocio similar require previa autorización municipal.
11. As causas de extinción serán as previstas no artigo 18 do prego de condicións desta autorización demanial.
12. A presente autorización rexerase polo disposto no prego de condicións do outorgamento dunha autorización para a ocupación de dominio público para realizar a actividade de cars a pedais e o prego de condicións técnicas para a instalación de casetas con destino á actividade de cars a pedais aprobados por resolución da concelleira de concelleira de protección cidadá, servizos e festas aprobados por..... de data....., e no non previsto nestes prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; TRLCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, , ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

## **8. Garantía definitiva.**

Establecese unha garantía definitiva por importe de 6000 euros para garantir que o terreo municipal ocupado se devolve en perfecto estado de conservación e uso, da correcta execución da autorización e das obrigas que derivan destes.

Esta garantía definitiva devolverase cando transcorran 6 meses desde a finalización da duración da autorización por calquera causa sempre que non existan responsabilidades das que deba responder o autorizado.

A garantía definitiva aplicarase o disposto na lexislación contractual na medida que sexa compatible da natureza desta autorización.

## **9. Gastos a cargo do autorizado.**

Serán de conta do autorizado os seguintes gastos:

- 1- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven da autorización.



2- Asumir o pagamento dos tributos que graven a constitución desta autorización, así como as sucesivas transmisións.

4- Os gastos de conservación e mantemento do terreo municipal que se vai ocupar. Os gastos que requira o desenvolvemento da actividade que se desenvolve nos terreos a ocupar.

5- Os gastos de enganche a rede eléctrica, de auga potable, da rede de sumidoiros, no caso de que fose necesario para desenvolver a actividade.

6- As taxas que para cada período ou ano se poidan ou se establezan nas ordenanzas municipais vixentes relacionadas coa autorización, a ocupación ou desenvolvemento da actividade.

7- Calquera outros que deriven do presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

#### CAP. IV. RÉXIME DA AUTORIZACIÓN

##### **10. Duración da autorización.**

A autorización que se outorgue ao amparo deste prego terá unha duración de 1 ano a contar desde a data da resolución de outorgamento da autorización demanial conforme se dispón a continuación:

O período de duración dentro de cada ano natural será desde o 1 de abril ata o día 30 de outubro de cada ano cos seguintes horarios:

- De luns a xoves que non sexan festivos: desde ás 16,00 horas ata as 21,00 horas.
- Venres, sábados, domingos e festivos: desde ás 11,30 ata as 21,00 horas.

Éste período dun ano, na forma e no horario establecido anteriormente, será prorrogable por períodos de 1 ano ata un máximo de 3. En total, sumando o ano inicial e as prórrogas non pode superar 4 anos.

A prórroga pode producirse únicamente a instancia do autorizado e axustarase as seguintes regras:

- c) O autorizado debe solicitalo dous meses antes de que transcorra o prazo de finalización da autorización ou das eventuais prórrogas e debe ser aceptado de modo expreso polo Concello. Se a prórroga se solicita polo autorizado e non se contesta polo Concello antes de que venza o prazo de duración ou da prórroga, entón procede a extinguirse automaticamente a autorización polo vencemento do prazo e enténdese non prorrogada.
- d) A autorización de prórrogas polo Concello será discrecional e examinará no seu momento a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto do terreo municipal obxecto da autorización, o grao de cumprimento das súas obrigas polo autorizado, etc.

O establecemento dun prazo de duración da autorización ou as prórrogas enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de revogar a autorización, de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á estas



### **11. Transmisión da autorización.**

A transmisión da autorización requirirá a previa autorización expresa do Concello de Pontevedra.

Só se poderá transmitir a autorización a favor de persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos fixados neste prego para poder ser beneficiarios da autorización, especialmente a solvencia e capacidade.

Así mesmo, nos supostos de sucesión do autorizado previstos no artigo 85 do TRLCSP, requirírase autorización expresa do Concello.

As transmisións ou traspasos que non contén con autorización municipal producirán a extinción da autorización.

En todo caso, a transmisión producirá a subrogación do adquirente nas mesmas condicións do anterior titular, polo tempo que faltase para a finalización da autorización e no seu caso co pagamento da taxa que se prevea a este respecto na Ordenanza fiscal municipal.

En calquera caso, a autorización sempre se extinguirá se transcorreu o prazo de vixencia desta ou concorre algunhas das causas establecidas neste prego.

### **12. Gravame.**

Os terreos municipais obxecto de autorización e a autorización mesma non poden ser obxecto de gravame.

### **13. Destino do terreo municipal obxecto da autorización.**

O terreo municipal que é obxecto desta autorización destinarase unicamente a instalación de dúas casetas para actividade de cars pedais segundo os pregos de condicións que rexen esta autorización.

### **14. Potestades e facultades do Concello.**

O Concello de Pontevedra ostenta as seguintes potestades e facultades:

1. A de acordar a extinción da autorización por calquera causa e determinar os efectos desta. Dentro desta facultade inclúese a de revogala antes do vencemento da autorización por razón de interese público, sen dereito a indemnización, cando esta resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
2. A de interpretar e resolver as dúbidas que ofrezan o cumprimento da autorización.





3. A de modificar a autorización por razóns de interese público. As posibles modificacións das autorización rexeranse, por analoxía, segundo o disposto no TRLCSP e a normativa de desenvolvemento para o contrato de servizos, salvo no que resulte incompatible.
4. A de fiscalizar os terreos municipais obxecto de autorización dando as ordes oportunas para que se utilicen correctamente e non sufran menoscabo estes bens.  
Estas inspeccións realizaranse cando así se estime polo Concello.  
Á vista do resultado destas inspeccións o Concello poderá dar as instrucións oportunas para que o autorizado leve a cabo as obras de reparación e mantemento que, á súa custa, lle corresponden segundo este prego.
5. A potestade de acordar e executar por sí o lanzamento do autorizado senón abandonan e deixan libres e vacuos a disposición do Concello os bens obxecto de autorización cando se extinga esta por calquera causa.

#### **15. Dereitos do autorizado.**

O autorizado terá os seguintes dereitos:

1. Á empregar o ben obxecto de autorización conforme o destino fixado neste prego de condicións.
2. Formular, ante o Concello, cantas reclamacións estime oportunas, que serán contestadas motivadamente.

#### **16. Obrigas do autorizado.**

O autorizado terá as seguintes obrigas:

1. A destinar o ben a finalidade prevista no artigo 13 e a utilizalo de conformidade coa súa natureza.
2. A instalación das casetas no lugar e coas características indicadas no prego de condicións técnicas, sen que poida ocuparse máis espazo do indicado nos pregos.
3. A non ocupar máis espazo que o autorizado conforme estes pregos e os pregos de condicións.
4. A cumprir a totalidade das melloras ofertadas e en todo caso, as condicións mínimas fixadas no artigo 5 deste prego.
5. A desenvolver a actividade de cars a pedal durante os días e os horarios fixados no artigo 9 destes pregos. Únicamente poderá non prestarse o servizo se o día



en concreto no lugar obxecto de autorización chove ou a temperatura é inferior a 6 graos. Fóra destes supostos, a actividade deberase desenvolver de maneira continua e sen interrupcións, salvo debidas a forza maior.

6. O titular da autorización deberá de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da comunicación do outorgamento da autorización (resolución de outorgamento da autorización) ou transmisión (autorización de transmisión). Se o concello o considera, poderá expedirse e outorgarse outro documento acreditativo da titularidade da autorización

A acreditación dos anteriores documentos será preceptiva para atender a solicitude de demanda de prestación de servizos ou actividade.

7. Expoñer publicamente de forma visible o prezo dos servizos que desenvolva.
8. Estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social. Esta obriga implica a de satisfacer calquera tributo que sexa legalmente ou regulamentaria esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento. Todo o persoal que o autorizado destine a execución do contrato non terá vinculación laboral ou de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados polo adxudicatario en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. Será de conta do adxudicatario os gastos do persoal empregado (incluído os que poidan orixinarse pola extinción do contrato), incluída á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación.
9. A asumir os gastos enumerados no artigo 9 deste prego e satisfacer calquera outro gasto que sexa esixible legal ou regulamentariamente
10. Coidar de que os terreos obxecto de autorización así como as casetas que se instalen e todos os elementos que se empreguen para o desenvolvemento da actividade de cars a pedal se atopen en todo momento en bó estado e limpos.
11. Deberá achegar como mínimo para o desenvolvemento da actividade de cars pedais 30 vehículos, dos cales 20 serán individuais, 9 biprazas e 2 para catro prazas.
12. Todo o persoal destinado a cars pedais deberá coidar o aseo e a boa presentación e deberá observar en todo momento un trato correcto cos usuarios desta actividade.
13. Poñer a disposición dos usuarios as correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente. Cumprir a normativa sobre locais de pública concorrencia, consumo, sanidade, etc.
14. Admitir a todo usuario no goce do servizos, pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade, sen discriminación de ningún tipo.



15. Someterse a inspección do terreos obxecto de autorización así como das casetas por parte do Concello coa finalidade de garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización
16. A obter a súa custa cantas licenzas, autorizacións e permisos requira o uso do terreo municipal obxecto de autorización ou das actividades a realizar sobre él.
17. Observar, en todo momento, un comportamento adecuado.
18. Observar, en todo momento, as indicacións e as observacións do Concello.
19. Deberá achegar e facilitar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinale.
20. Non poderá facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do Concello de Pontevedra, salvo autorización por escrito deste.
21. Non poderá realizar publicidade comercial a favor doutras empresas nas instalacións cedidas, salvo autorización municipal.
22. Gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionados co obxecto da autorización e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.
23. Non poderá traspasar ou ceder a terceiras persoas o uso e aproveitamento dos terreos municipais obxecto de autorización nin total ou parcialmente, sen autorización expresa do Concello.
24. A transmisión ou modificación da autorización sen autorización previa do Concello nos termos fixados neste prego.
25. Arrojar lixo e residuos nos recipientes previstos a tal fin.
26. Abandoar e deixar libre e vacuo, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello, o terreo obxecto de autorización, cando se extinga a autorización, recoñendo a potestade do Concello para acordar e executar por sí o lanzamento. O terreo deberá revertir ao Concello ao termo da autorización en perfecto estado de conservación, uso e limpeza dos bens, como se non existisen as instalacións que se realizarón nela, especialmente as casetas, e os bens que se colocaron nela. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa do autorizado. De non facelo o autorizado, farao o Concello a custa do autorizado.
27. A aboar e asumir o importe dos danos e perdas que se causaren como consecuencia da utilización do terreo obxecto de autorización ou das actividades



a desenvolver neste así como calquera dano e perda que se cause sobre bens materiais ou persoais xa sexan do Concello ou dun terceiro.

28. O autorizado deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil para que responda dos danos e perdas que poida causar polo exercicio da actividade que vai desempeñar ou a ocupación do ben autorizado cunha cobertura mínima de 100.000,00 euros por sinistro. Admitise franquicia de ata 500 euros. Deberá achegarse unha copia do contrato no prazo de 5 días desde que se outorgue a autorización e deberá estar vixente durante todo o período da autorización. Así mesmo deberá achegarse a documentación acreditativa de que esta vixente cando o solicite o Concello.
29. A asumir a responsabilidade derivada da ocupación do ben obxecto de autorización
30. Cumprir cantas outras obrigas resulten destes pregos, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demáis disposicións normativa que sexan de aplicación.

## **17. Instalacións e obras**

Esta autorización só permite a instalación de dúas casetas desmontables que non son fixas, así como os elementos que dentro destas casetas requira a actividade de cars pedais.

Polo seu carácter non fixo e polo que se outorga a autorización. Consecuencia deste carácter non se permite a realización de ningunha obra de construción, adaptación ou reforma sobre os terreos obxecto de autorización, que teñan un carácter fixo ou que poidan quedar de modo permanente unidos os terreos.

No caso de realizar as obras indicadas no terreo anterior será causa de revogación da autorización, debendo o autorizado demoelas a súa costa, vindo obrigado a indemnizar cos danos ocasionados a persoas ou cousas.

Toda instalación desmontable que se pretenda realizar ao marxe das casetas e das propias dentro das casetas que requira o desenvolvemento de actividade de cars pedais, deberá ser autorizada previamente de modo expreso polo Concello de Pontevedra.

## **CAP. V. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.**

### **18. Extinción da autorización.**

A autorización extinguese por caducidade, é dicir a finalización do prazo de duración da autorización ou das prórrogas ou por acordo de extinción do órgano competente para o outorgamento das autorizacións demaniais cando conorra dalgunha das circunstancias que se enumeran no artigo 20 deste prego.

### **19. Caducidade da autorización por cumprimento.**



A extinción da autorización por vencemento da duración da autorización por cumprimento supón a extinción automática da autorización sen necesidade de que se proceda a realizar ningún acto ou declaración por parte da Administración municipal.

## **20. Outras causas de extinción da autorización.**

Ademais da extinción por caducidade da autorización, son causas de extinción as seguintes:

1. Renuncia do titular.
2. Mutuo acordo.
3. Cando sobreviña unha causa de prohibición para contratar prevista na lexislación contractual administrativa, entre as que está non estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
4. Revogación unilateral da autorización, por razón de interese público. En todo caso, non xerará dereito a indemnización cando sexan porque resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
5. Falecemento ou declaración de ausencia do titular.
6. Incapacidade sobrevida do autorizado
7. Cesión ou transmisión non autorizada.
8. Extinción da personalidade xurídica do autorizado.
9. Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación da autorización, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do autorizado.
10. Ter sido sancionado por infracción moi grave ao abeiro deste prego. Así mesmo, cometer máis de 5 infraccións graves, ou de 10 leves, en toda a duración da autorización.
11. Por incumprimento da obriga do titular de conservación e mantemento, cando orixine o estado ruinoso do terreo concedido. A estes efectos o Concello instruirá expediente, con audiencia do interesado, no que se establecerá de forma acreditada o estado ruinoso do terreo.
12. Desaparición do ben obxecto de autorización ou do seu aproveitamento.
13. Desafectación do ben, en cuxo caso procederase a súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas.
14. Calquera outra prevista na normativa aplicable ou que se especifique no prego

## **21. Aplicación das causas de extinción por causa distinta de caducidade**

A aplicación das causas de extinción da autorización por causa distinta de caducidade axustarase as seguintes regras:

- a) A extinción da autorización acordarase polo órgano competente para o outorgamento da autorización demanial, de oficio ou a instancia do autorizado, no seu caso, atendendo o procedemento regulado no artigo 24.



- b) Cando a causa de extinción sexa a revogación, a administración estará lexitimada para proceder de oficio en todo caso.
- c) A extinción da autorización só poderá instarse por aquela parte a que non se lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a mesma.
- d) A extinción da autorización por renuncia do titular e por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de extinción que sexa imputable ao autorizado.
- e) A extinción por morte ou declaración de ausencia do titular ou da personalidade xurídica enténdese sen prexuízo da posible transmisión establecida nestes pregos.
- f) O incumprimento das obrigas do Concello só dará lugar a extinción da autorización naqueles casos previstos expresamente neste prego.

## **22. Efectos da extinción da autorización.**

Os efectos da extinción da autorización axustarase ao seguinte:

- a) A extinción da autorización por caducidade ou por renuncia do titular non dará lugar a indemnización de danos e perxuízos.
- b) Cando a extinción se produza por mutuo acordo das partes, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por estas.
- c) Cando a autorización se extinga por causa imputable ao autorizado, éste deberá indemnizar á Administración os danos e perxuízos ocasionados.
- d) Non dará lugar a indemnización, cando a autorización se extinga por revogación unilateral por razón de interese público porque resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
- e) Cando a autorización se extinga por causa imputable á Administración, determinará con carácter xeral o pago dos danos e perxuízos que por tal causa se irrogen ao autorizado.
- f) Á extinción da autorización, o Concello quedará facultado para dispor o que proceda sobre os terreos obxecto da autorización.
- g) En todo caso, a extinción da autorización, os terreos deberán revertir ao Concello en perfecto estado de conservación, uso e limpeza dos bens, como se non existisen as instalacións que se realizarán nela, especialmente as casetas, e os bens que se colocaron. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os



espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa do autorizado.

### **23. A extinción da autorización por infraccións.**

A extinción da autorización por infraccións prevista no artigo 20.10 deste prego axustarase as seguintes regras:

- a) A extinción da autorización por infraccións son independentes das multas que se impoñan.
- b) Cando concorran algún dos supostos previstos no artigo 20.10 do prego, o Concello, sen prexuído da imposición da multa correspondente, pode optar pola extinción da autorización ou a súa continuidade.
- c) As causas de extinción previstas como infraccións moi graves que ao mesmo tempo estean mencionadas expresamente como causas de extinción rexeranse en primeiro lugar polo disposto neste capítulo.

### **24. Procedemento para a extinción da autorización.**

- a) A extinción da autorización por caducidade non requirirán ningún acordo ou declaración da Administración.
- b) A extinción da autorización por renuncia do titular só require acordo expreso do Concello.
- c) A extinción da autorización por calquera outra causa distinta das enumeradas nos dous apartados anteriores require únicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:
  - 1- Audiencia ao autorizado polo prazo de dez días naturais.
  - 2- Informe da xefa do servizo de patrimonio.
  - 3- Acordo expreso do órgano competente para outorgar as autorizaciónes demaniais.

### **25. Aplicación supletoria**

Na extinción da autorización en defecto da regulación prevista neste capítulo, aplicarase con carácter supletorio e por analoxía, o disposto na lexislación de contratos e normativa de desenvolvemento para a resolución de contratos de servizos, salvo no que resulte incompatible.

CAP VI RÉXIME SANCIONADOR.

### **26. Incumprimentos.**



As infraccións que cometa o autorizado, clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:

**A. Infraccións leves.** Terán a calificación de infraccións leves as seguintes:

1. A non prestación do servizo de cars a pedais durante non máis de 2 días consecutivos sempre que non este xustificado de conformidade co disposto neste prego.
2. A falta de respecto ao público, ou aos empregados municipais encargados da inspección.
3. Os altercados ou disputas entre o persoal do servizo de cars pedais durante a súa prestación.
4. Arrojar residuos e lixo nas instalacións ou espazos públicos municipais obxecto de autorización ou fora dos contenedores ou lugares destinados a tal fin.
5. Causar danos á instalación ou espazos públicos municipais obxecto de autorización ou a bens municipais por valor inferior a 1.500 euros.
6. Calquera outra acción ou omisión que infrinja as obrigacións ou deberes recollidas no presente prego ou, de existir o regulamento municipal aplicable, e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

**B. Infraccións graves.** Terán a calificación de infraccións graves as seguintes:

1. A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.
2. O incumprimento que non mereza, segundo a lexislación aplicable, a consideración de grave das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais, sempre que non esté tipificado como infracción moi grave.
3. Non observar as indicacións, instrucións ou as observacións do Concello, sempre que non constitúa falta moi grave.
4. Os altercados, incorreccións, faltas de respecto, ofensas ou a promoción de escándalos coas Autoridades, aos empregados municipais, aos Axentes da Autoridade e ao público en xeral, sempre que non constitúan infraccións moi graves.
5. Poñer dificultades as tarefas de control da administración, como dificultar ou impedir as actuacións inspectoras da Administración.
6. A demora ata 10 días naturais na achega de informes ou documentos en xeral, que sexan solicitados polo Concello no prazo establecido polo mesmo.





7. A non comunicación previa ao Concello de calquera substitución ou modificación de persoal.
8. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións, espazos públicos municipais e bens afectos á autorización en perfecto estado de conservación, entendendo que se produce tal incumprimento cando non se inicie a reparación dos desperfectos nun prazo de 5 días desde que se manifesten, cando esta reparación fose de competencia do autorizado segundo os presentes pregos. De existir orde expresa do Concello sinalando o prazo correspondente, a infracción cualificarase como moi grave segundo o apartado C) deste artigo.
9. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións ou dos espazos públicos municipais nas debidas condicións hixiénicas sanitarias, cando non exista transcendencia para a saúde pública.
10. Causar danos á instalación ou espazos públicos municipais obxecto de autorización ou a bens municipais por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.
11. O incumprimento do horario en calquera das instalacións destinadas a cars pedais durante o que se debe prestar o servizo de cars pedais se non superaran as 15 horas nunha semá.
12. A non prestación do servizo de cars pedais entre 3 e 5 días consecutivos, ou entre 5 e 10 días alternos no curso dun ano sempre que non este xustificado de conformidade co disposto neste prego.

**B. Infraccións moi graves.** Terán a calificación de infraccións moi graves as seguintes:

1. A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.
2. O incumprimento da obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
3. Os altercados, incorreccións, faltas de respecto, ofensas ou a promoción de escándalos coas Autoridades Municipais, aos empregados municipais, aos Axentes da Autoridade e ó público en xeral, cando teñan como resultado de lesións ou danos ou constitúan ofensas graves, de palabra ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados municipais, á inspección Sanitaria, ós Axentes da Autoridade e ó público en xeral.
4. O grave incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.
5. O falseamento dos datos entregados ao Concello.



6. O incumprimento da normativa sanitaria con transcendencia para a saúde dos usuarios.
7. Calquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos e hurtos os usuarios.
8. Non achegar e facilitar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinala ou a súa demora nun prazo superior a 10 días naturais do prazo fixado.
9. Non abandonar e deixar libre e vacuo, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello, o terreo obxecto de autorización, cando se extinga a autorización nos termos fixados neste prego.
10. O incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalguna infracción cometida.
11. Causar, danos á instalación ou espazos públicos municipais obxecto de autorización ou a bens municipais por valor de 3000 euros ou superior
12. A cesión, transmisión ou gravame da autorización ou dos bens afectos total ou parcialmente ou o seu aluguer total ou parcial, excepto nos supostos que se permite con autorización do Concello neste prego sempre que conquen con esta.
13. Non destinar os bens obxecto de autorización a actividade de cars pedais.
14. A contratación de novo persoal sen autorización previa do Concello.
15. A non prestación do servizo de cars pedais durante 6 ou máis días consecutivos, ou máis de 10 días alternos no curso dun ano, sempre que non este xustificado de conformidade co disposto neste prego.
16. A non realización das obras de mantemento e conservación ou reparación que sexan ordeadas polo Concello no prazo fixado e que deba realizar.
17. O non cumprimento do horario de prestación do servizo de cars pedais se supera ás 12 horas nunha semá.

## **26. Sancións.**

1.-As infraccións conlevarán a imposición por parte do Concello de Pontevedra de sancións de multa, que se imporán en calquera caso.

2.- A multa a impoñer ten tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa entre 50 euros ata 300,00 euros.



- b) As infraccións graves sancionaranse con multa entre 301,01 euros ata 600,00 euros.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 600,01 euros a 1200,00 euros.

Para a súa gradación atenderase ao dano ou prexuízo producido ao dominio público, ao público e ao Concello, a intencionalidade, reiteración, e contía económica, principalmente.

3.- Con independencia das sancións que se lle impoñan o autorizado, o Concello pode esixir sempre o cumprimento das obrigas do autorizado a través dos medios previstos pola normativa administrativa.

4.- A comisión de infraccións moi graves pode dar lugar, ademais do pagamento da oportuna sanción, á extinción da autorización por causa imputable ao autorizado. Igualmente, a comisión de máis de 5 infraccións graves, ou de 10 leves, en toda a duración da autorización, serán causas de extinción da autorización por causa imputable ao autorizado..

## **27. Imposición das sancións.**

Será competente para impoñer as sancións o Sr Alcalde ou concelleiro delegado previa audiencia do autorizado durante 10 días naturais.

O importe da multas satisfacerase ao Concello por parte do autorizado no termo de 10 días naturais seguintes ao da súa notificación.

De non satisfacerse dentro do termo, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Compensaranse coas débedas que teña pendentes co Concello de Pontevedra. O autorizado autoriza expresamente o Concello de Pontevedra o aceptar o prego para que se proceda a dita compensación.

2.- En canto o abonamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade polas compensación, o Concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable o caso podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e perxuízos que sexan esixibles por parte do Concello.

## **CAP VII REVERSIÓN**

### **28. Reversión.**



Ao termo da autorización, tódolos bens e instalacións e que se executaran no espazo municipal cedido revertirán ao autorizado. O autorizado deberá de deixar os espazos ao termo da autorización en perfecto estado de conservación, uso e limpeza dos bens, como se non existisen as instalacións que se realizarón nela, incluído as casetas así como os bens que se colocaron nela. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa do autorizado.

Unha vez extinguida a autorización farase entrega por parte do autorizado dos espazos municipais obxecto desta autorización que deban revertir ao Concello libre de toda carga e gravames e en estado de conservación e mantemento adecuado, debendo deixalos libres e vacuos a disposición do Concello.

CAP VIII RÉXIME XURÍDICO.

### **29. Lexislación aplicable.**

No non previsto expresamente no presente prego de condicións e no prego de condicións técnicas para a instalación de casetas con destino á actividade de cars a pedais será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; TRLCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, , ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

O autorizado sométese expresamente á devandita normativa.

### **30. Xurisdición competente.-**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, extinción e efectos da autorización serán resoltas polos órganos competente para o outorgamento da autorización; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL- Modificacións normativas**

As referencias contidas neste regulamento a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

ANEXO I: MODELO DE AVAL.



A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca).....  
,NIF....., con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos)  
en.....,na rúa/praza/avenida e no seu nome (nome e apelidos dos Apoderados) con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta da verificación de poderes que se salienta na parte inferior deste documento,

**AVALA**

a: (nome e apelidos ou razón social do avalado) ,NIF en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón/ñen a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto obriga asumida polo garantizado) ante (órgano administrativo, organismo autónomo ou ente público) por importe de: (en letra) euros (en cifra)

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no art. 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e os apoderados abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que o poder outorgado continúa en vigor.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Pontevedra autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na normativa aplicable, especialmente os pregos de condicións do Concello de Pontevedra para o outorgamento dunha autorización para a ocupación de dominio público para realizar a actividade de cars pedais.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do Concello de Pontevedra, con suxeición aos termos previstos nos pregos de condicións do Concello de Pontevedra para o outorgamento dunha autorización para a ocupación de dominio público para realizar a actividade de cars pedais, aplicando supletoriamente a normativa contractual.

.....(lugar e data)  
.....(razón social da entidade)  
.....(sinatura dos Apoderados)

Verificación de poderes de acordo co establecido no artigo 58 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

.....(lugar e data)

Pontevedra, 27 de marzo de 2015  
A concelleira de protección cidadá, servizos e festas.

Maria Carme da Silva Méndez



